

## BOLETÍN DIXITAL Nº 2 CURSO 2007/2008 Maio 2008



A cantidade de novas que se produciron estes días fan que teñamos que adiantar un pouquiño a publicación deste novo boletín. Son cousiñas que, pensamos, non deben quedar entre estas paredes. Esperamos, e desexamos, que o disfrutedes tanto coma nós.



### **Xa temos logo!**

Aquí tedes a Presta. Vai a ser un máis entre nós e axudaranos a difundir, de cando en cando, as novas do colexio Monseivane (Moreda-Vilalba). Ten moitas gañas de saber o que pasa no centro para poder contalo a todos e todas.

### **Cestería**



Este ano estamos a traballar no proxecto europeo "Comenius". Traballamos "A nosa identidade". Cantas gañas tiñamos de coñecer os oficios dos nosos avós e avoas. Tivemos un curso de cestería no centro; fixemos moitas cousas: cestos, lapiseiros,... Pasámolo xenial. Tamén buscamos información, para o libro que fixemos sobre "A nosa identidade", sobre o traballo dos canteiros, labregos, panadeiros, muiñeiros,...



### **DVD**



Feito o libro, pensamos que sería interesante ter un DVD con todo o seu contido. E así o fixemos. Témololo a venda por 5 €. Se estades interesados en recibilo, podedes solicitálo por teléfono ou cunha mensaxe a dirección do centro: [ceip.monseivane@edu.xunta.es](mailto:ceip.monseivane@edu.xunta.es). Ademais dos oficios ten información sobre a situación xeográfica do centro, sobre as festas que celebramos no colexio e un traballo sobre una lenda da Terra Cha.

### **Voz Natura**



Rematamos un novo proxecto de "Voz Natura" (e van 11). Este ano o tema foi. "Salva a túa árbore. Seguimos conservando o patio"

Este proxecto é unha ferramenta moi importante para que os nenos e nenas adquiren coñecementos, actitudes e valores para conseguir mellorar a

calidade do medio. Axuda, tamén, a desenvolver o seu sentido ecolóxico, fomentando a importancia da conservación, limpeza e mellora do medio ambiente.



## Viaxe a Alemaña. Mobilidade integrada no Proxecto Comenius




Foi fantástico. Estivemos desde o día 2 ata o 7 de maio. Visitamos a cidade de Dresden (foto da esquerda). Practicamente acompañáronos tódalas mestras así como representantes da asociación de pais e nais en todas as saídas e visitas (increíble pensando que era domingo): E, por suposto, traballamos moi duro no proxecto. (foto de abaixo).



Fixémoslles un agasallo como recordo da nosa visita ao centro. Todos os centros estamos traballando moi ben e os nenos están gozando dos traballos que reciben dos outros centros.



## Tarxeta felicitación. Que detalle!



Chegamos a Alemaña o día 2: día do ensino. Comentámoslles que aquí celebramos día do mestre e preparáronnos esta tarxeta. Que texto máis lindo ten: " A teacher keeps the past, show the present time and créate the future". Algo así como que o mestre é o que mantén o pasado, mostra o presente e crea o futuro. Que orgullo ser mestre/a se realmente estamos axudando a esto. Un consello, cando teñades un momento baixo (que haber hainos) recordade estas palabras; nós, farémolo.

## Viaxe a Mallorca



Estamos preparando todo para a excursión de final de curso. Imos a Mallorca. Imos cos nenos e nenas de 5º e 6º de primaria. Visitaremos as covas do Drach, a fábrica de perlas de Manacor, a cidade de Palma. E tamén, non podía faltar, a piscina e a praia.

## **PARA O PRÓXIMO NÚMERO**

- Excursión de fin de curso para 5º e 6º de primaria a Mallorca. Resume da excursión e fotos.
- Recompilación e exposición de traballos feitos polas distintas clases utilizando as TIC. Avisaremos cando teñamos estes traballos colgados na nosa páxina web
- Participación en videoconferencias: Imos facer unha videoconferencia co centro inglés que está participando con nós no proxecto "Comenius – A nosa identidade". Unha excelente oportunidade para practicar coas TIC, co inglés e quen sabe se pode saír de aquí algunha amizade máis seria
- Visita ao diario "El Progreso"
- Celebración dos Maios
- Celebración das Letras Galegas, este ano adicadas a Xosé María Álvarez Blázquez
- Participación no maratón "Letras Galegas" organizado polo Concello de Vilalba